

O ANTROIDO ONTE E HOXE. ACHEGAS AO ESTUDO DESTA FESTIVIDADE NA TERRA CHÁ.

SABELA FIGUEIRA TENREIRO

A pesares de saber que o tempo non se detén, que é lineal e irrepitíbel, este preséntase ante nós como algo cíclico, guiado polos ritmos naturais, que se repite ata o infinito, nun continuo volver a empezar que non remata nunca. As sociedades agrarias tradicionais marcaron o tempo a base de festividades que, tendo como unidade temporal máxima o ano, foron adaptándose aos ritmos naturais e interaccionando con outros moitos factores como foi a tradición cristiá. Falamos dun tempo laxo, baseado en ciclos naturais e nos traxectos do sol que axudaban a marcalos, reflectindo por tanto a idea de morte e resurrección, asociada ao deambular do astro solar por riba das nosas cabezas.

Así pois, ano tras ano repítense as mesmas estacións que traen con si mesmas situacións medioambientais semellantes. O home adaptouse a elas e aínda hoxe, que o tempo pasou a estar excesivamente fixado e regrado coa definida puntualidade que marcan as agullas do reloxo, as sociedades rurais seguen a medir o tempo en base a estes fitos temporais que, ano tras ano, anuncian a posición do sol. Así, podemos escoitar: “Morreu polo San Martiño de fai 10 anos”, “aló polo Antroido de fai dous anos” ou “Casei polo San Andrés”. Tamén o refraneiro da boa conta do calendario festivo: “Pola Santa Lucía tan larga é a noite coma o día”, etc.

Así pois, o devalar do sol determinaría, do mesmo xeito, o desenrolo das actividades agrícolas tradicionais, formando parte todo dun mesmo ciclo. Os magostos no outono, os capóns polo Nadal ou as filloas no Antroido demóstrannos como o comer axudou tamén a definir o noso calendario: “*Facíanseche filloas moito máis tempo que agora. O día do Antroido as filloas e a cacheira, e os grelos se cadraba; tamén facíamos fritos (...) facíamos as filloas con leite, uns poucos ovos, auga, fariña e azucar ou sin el. Na lareira facíanse nunha plancha de ferro ou nunha de pedra. Había unhas lousas en Santaballa que sei que lle roncaba o carallo como daban as filloas*¹”.

¹ Veciña de Lanzós

O sentido dado ao tempo é algo cultural que a sociedade constrúe e organiza. Trátase dunha sucesión de intervalos temporais separados, e á súa vez unidos, por eses fitos simbólicos que son as festas. Simbólicos, en canto que liminais, fragmentan o tempo situándose no límite entre dous períodos. Polo tanto, a organización do tempo que reflectimos no noso calendario constitúe un sistema organizado de segmentos temporais, no que cada festa ten a súa propia función en relación ao resto das celebracións².

O sol condicionou desde sempre a nosa existencia e os seres humanos adaptámonos a estes condicionantes marcados polo astro rei, dotándoos de sentido. Deste xeito, o verán é aquel tempo no que a potencia solar se presenta con máis forza. Pola contra, no inverno esta potencia é mínima. Ese feito leva consigo o crecemento dos días en detrimento das noites na primavera e dáse o fenómeno contrario no outono. As festas do ciclo anual, atópanse estreitamente relacionadas cunha determinada posición solar, que da lugar as diferentes estacións do ano. Atopámonos, seguindo a González Reboredo³, diante de festividades cualificadas de “universais” dada a súa extensión e xeneralización en lugares próximos e afastados.

Deste xeito é como o 24 de xuño celebramos o San Xoán, ou solsticio de verán, a noite mais curta do ano. Da mesma maneira en Decembro celebrámolo Nadal, damos a benvida a un novo ano e agardámoslo reis ou máis recentemente o Papa Noel⁴, os Santos Inocentes, o San Silvestre, ou o San Manuel. Todo elo no marco do solsticio de inverno, onde asistimos ao decorrer dos días máis curtos do ano. Así mesmo celebrámolos magostos e o mes de Santos e Defuntos no outono, despois do equinoccio de setembro, onde o día e maila noite teñen a mesma duración. Outro dos equinoccios acontece o 21 de Marzo, pasado xa o Antroido e preto da Pascua, agardando o fin do inverno e a chegada dos Maios polo día da Santa Cruz.

² GONZALEZ REBOREDO, X.M.: “Cuestiones de fiestas del ciclo anual. Relación entre fiesta y sociedad” en *Antropología cultural gallega*, Santiago de Compostela: fundación Alfredo Brañas, 1988

³ GONZALEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997

⁴ Felipe Senén achéganos á axioloxía de San NiKelaus, en inglés Claus, patrón de Rusia, Turquía e Grecia. San Nicolás patrón dos nenos e dos mariñeiros. Santo que naceu en Licia, Asia Menor, no século IV, milagreiro e repartidor de bens. O seu corpo venérase na cidade Italiana de Bari: LÓPEZ, GOMEZ, F. S.: “Papá Noel, Reis Magos, aguinaldos e regalos”, en *La Opinión de A Coruña*, 18-01-06

Así pois, as tradicionais festas do ciclo anual, tan prolíficas nestas terras como noutros moitos lugares do planeta, preséntanse tamén na chaira en forma de Semana Santa, Corpus, Maíos ou San Xoán nos meses de primavera e verán; e de Santos, Magostos, Nadal ou Antroido nos meses de outono e inverno. Todas elas axudan a marca-los ritmos dun tempo cíclico que, centrado no ano, condiciona as formas de vida da nosa sociedade.

1.- A TRADICIÓN FESTIVA.

A chegada do Antroido tamén se sente na Chaira. Tempos que foron de imposturas e transgresión, desobediencia e transformismo. Tempos nos que as paixóns derrocan á razón rachando as ordes establecidas. En definitiva, a necesidade de vira-lo mundo aínda que so sexa por uns días, para logo volver, se cadra con máis convición aínda, a acatar as normas cotiás en tempos de Coresma.

O Antroido precede á coresma e é en relación a ela como compre entendelo. A coresma é un período de penitencia coa que os cristiáns se preparan para a celebración da morte e resurrección de Cristo na Pascua. Como ten indicado Mariño Ferro⁵, as festas cristiáns van precedidas en moitos casos de actos purificadores e de penitencia. Esta purificación reflectiuse, durante anos, na prohibición de comer carne, a abstinencia sexual, etc. Deste xeito, o Antroido preséntase como período anterior á Coresma. Trataríase de disfrutar daquelo que vai ser prohibido durante os corenta días seguintes. Mais, estamos diante dun disfrute controlado, co que a propia comunidade demóstrase a si mesma o negativo dos excesos cometidos nestas datas e a necesidade de recupera-la orde establecida. Feito que traerá consigo a Coresma.

Vemos pois como o grupo social, en función do poder establecido, regula os seus propios comportamentos culturais. Compre viaxar á Idade Media para recordar aquelas Festas dos Tolos, na que os propios cristiáns celebraban nos templos festas onde se invertían os valores cotiás establecidos, en aras dun adoutrinamento inconsciente, mostrando o negativo de tales comportamentos. Esta lóxica tivo continuidade na

⁵ MARIÑO FERRO, X .R.: *O Entroido ou os praceres da carne*. A Coruña: Edicións do Castro, 2003
Nesta obra, o autor exemplifica detalladamente esta purificación, como rito de entrada na festividade cristián, aportando numerosos exemplos. Neste senso, alude a aquelas fontes sitas ao carón dos santuarios onde os romeiros fan lavatorios antes de entrar no templo. Unha romaría pode resultar unha festividade pequena se a comparamos con aquela outra da Pascua e resurrección de Cristo polo que a purificación previas a ditas festividade tamén se mostrarán equivalentes.

festividade Antroido, mais non sempre foi entendida deste xeito, sendo os diferentes estamentos eclesiásticos os principais perseguidores da mesma⁶.

O Antroido, integrado no ciclo da Coresma e da Pascua, é integrador, á súa vez, de moitos elementos que axudan a configuralo e dotalo de significado. Mais, a palabra Antroido non so fai referencia á festa de celebración da entrada na coresma, senón tamén ao boneco co que, ao longo de moitos lugares da comarca chairega, se festexan estas datas: “ *Trapos, palla e paus cuns trapos postos. Saia, sombreiro e cartón de cara é rache o Antroido. E poñíanlle nun papel: “Antroido”*”⁷. Deste xeito, entendemos como o boneco é portador en si mesmo de tódalas significacións do Antroido como celebración. Estamos diante dun referente simbólico que porta no seu seo infinidade de significados e connotacións referentes a un feito máis amplo, que sería a celebración do carnaval. Festa, esta última, dentro da cal o Antroido, como boneco, é enchese de sentidos dos que noutro contexto carecería. O Antroido -boneco- e o Antroido como celebración representan a mesma idea. No Meco personifícanse as características propias da celebración, dese tempo de entrada na Coresma que é o Antroido.

Tamén as máscaras, as bromas e outros moitos elementos presentes nestas festas son cualificados como “Antroidos”. Polo tanto o Antroido é unha celebración que no seu conxunto dota de significado a todas e cada unha das partes da mesma, ás que en moitas ocasións se lles atribúe o mesmo nome. Sendo estas últimas as que axudan a configurar a festividade no seu conxunto e tamén a dotala de sentido. Os diferentes xeitos de levar a cabo a festa é enchese de significados relacionados entre si. Tanto se fas un boneco, como se vas de máscara o que estas é a celebra-lo Antroido, que non é máis que o período anterior á entrada na coresma.

Noutrora facíanse bonecos de palla, cunha estrutura de madeira, en moitas parroquias vilalbesas: “*O Antroido facíase con pallas, unha cruz de madeira, envólvense as pallas d’arredor da madeira de pau e vístese. Poñíase un forquito e clavábase ao pau de riba dun traveseiro. Envolvíanse en trapos vellos. Tamén lle podías poñer un pano atado debaixo do bico ou un sombreiro... figuras! ...o principal era o esqueleto e despois cada*

⁶ COCHO DE JUAN, F.: *O carnaval en Galicia*. Madrid: Xerais, 1992, p. 36-39. Outros autores que teñen investigado abundantemente o Antroido como son Mariño Ferro, González reboredo ou Marcial Gondar tamén apuntan a relación con estas festividadeas medievais.

⁷ Veciño de Lanzós. Parroquia do Concello de Vilalba

un...⁸” Os bonecos confeccionábanse de moitas maneiras cun predominio dos elementos feos e grotescos, vistos tamén nas máscaras.

O boneco co que se festexa o Antroido - tamén chamado Meco ou máis comunmente Antroido- ven sendo a representación do Demo que simboliza o mal na tradición cristián. Fronte a el atópase Deus como reflexo do ben, da virtude. Coa queima do boneco ou enterro da sardiña estaríamos ante o triunfo de Deus sobre o mal. Este xeito de entendelo mundo ten fondas raigames na diferenciación entre corpo e alma, idea latente na relixión cristián⁹. O corpo convértese na representación de tódolos vicios. Estes teñen o seu reflexo en todo aquilo que de animais temos os seres humanos, atopándose presente no Antroido como en ningunha outra festa. Pola contra, a alma está relacionada coa virtude, que se corresponde co ideal de vida cristián. Desta maneira o expresaba unha veciña da parroquia vilalbesa de Lanzós: *“Meteron unha cacheira dun burro nunha caixa decindo que llo levaban ó Maciñeira. A Juerga do Demo!!”*. Vemos pois ese achegamento do home ao animal, representado este último na imaxe grotesca da cabeza do burro. Todo isto para defini-lo Antroido como a propia festa do Demo.

Os bonecos vestíanse de homes, na meirande parte dos casos e levábanse a algunha casa veciña. Deixábanse na porta, nas fiestras e incluso contan que chegaban a tiralos pola cheminea abaixo: *“ unha vez baixaron un pola fumeira, vivía túa bisabuela e daquela había a camalleira. A Conceución dixo: -Ai! La Virgen santísima!, que aí ven o demo pola fumeira abaixo!. E entonces leábano nun adival e subían e baixábano.”*

Todos intentaban desfacerse do Antroido, ninguén quería o Meco cabo de si. De feito, se indo deixalo Antroido te descubrían, atábancho ás costas e tiñas que volver con el para a casa: *“Tódalas falcatruadas estas eran de noite porque si te vían xa non tiña gracia o Antroido. Outro día un fixo un Antroido pra lle levar a un veciño, e anque era de noite, vigilárono cando iba co Antroido, e entre tres rapaces que o viron collérono co Antroido e atáronlle o Antroido ás costas e non o puido quitar e tubo que vir pra casa outra vez co Antroido ao lombo”* Tratábase dun tempo lúdico, no que primaba a

⁸ Veciña do Concello de Vilalba

⁹ MARIÑO FERRO, X. R.: *O Entroido ou os praceres da carne*. A Coruña: Edicións do Castro, 2003. p.37. Establece a “clave do enigma” nas representacións que a tradición cristiá fixo da diferenciación entre corpo e alma.

liberdade de acción en relación á Coresma como tempo de recollemento. Ciclo festivo que se completa coa Pascua.

Do que non cabe dúbida e que o Antroido era un tempo onde a comunicación facíase cun lugar protagonista na festa. A comunicación era a maneira de levar a cabo a celebración. Sen ela, esta última non tería sentido. As relacións entre os diferentes sexos como feito comunicativo deixábanse ver nos xogos e noutros aspectos do carnaval, en contraste co resto do ano onde as relacións sexuais e os aspectos con elas relacionados non eran precisamente ideais de virtude. Neste senso, o elemento sexual estaba sempre presente e a variedade de xogos cos que se pasaba o tempo dan boa conta disto. Neles o contacto físico era unha constante. Moitos deles como o xogo do nabo ou o do pucheiro presentan evidentes connotacións sexuais xa presentes no simbolismo do propio nabo ou do pucheiro, feito este último que analiza Mariño Ferro¹⁰ establecendo relacións con outras celebracións próximas e máis afastadas onde volvemos a atoparlas. Aquí mostramos algúns exemplos:

“Cando xogábamos á brisca pintábamonos cos tizóns da lareira . Facíamonos as pitas, que era dentarche na frente e quedábache a marca uns días. E cando había luar escapábamonos de noite para que non nos colleran ás que facíamos as antroidadas”.

- conto do nabo: *“sentábanse éntrelas túas pernas e tú éntrelas miñas e así; e un agarraba ao outro e así, e os outros tiraban “ Ei vai o nabo e ei vai o nabo, e tira do nabo”. Como tirar da corda pero con xente e sen corda.”*
- xogo do pucheiro: *“Despois había outros xogos que poñíamos un depósito duns pouquiños cartos e metíamolos nun pucheiro e facíamos unha roda todo arredor do pucheiro e sorteaban a ver quen lle tocaba ir partir o pucheiro porque o que o partía levaba o diñeiro; pero non era moi fácil, porque lle vendaban ollos e dábanlle dúas ou tres voltas e en vez de quedar de frente ao cacharro ao mellor quedaba cara o outro lado. Iba todo entusiasmado pensando que iba coller o diñeiro e levaba un pau grande na man, e daba cada pau pra partir o cacharro e non partía o cacharro pois o cacharro estaba cara o outro lado. Poucas veces se daba co cacharro”.*

¹⁰ Ibidem. p.107-111

- conto da zapatilla:

Facíamos o conto do nabo e o conto da zapatilla.

*“El florón está en tus manos
en tus manos está el florón
¿donde estará el florón?”*

Pegábanche un zapatillazo nas costas e a zapatilla pasaba por baixo das patas da xente e había que ir detrás dela buscala. Ao que lle encontrasen o florón era o o que iba pra o medio e pasaba o do medio prao puesto del”

Os órganos sexuais tamén teñen unha especial relevancia no boneco do que vimos falando, dándolles un especial protagonismo en relación a outras partes do corpo. Unha veciña da parroquia vilalbesa de Lanzós así no lo contaba:

“Otra vez leváronlle unha cruz a un veciño. Puxéronse a facelo Antroido o Suso destoutra casa, o Antonio Manuel, o Manolo, e o meu Carlos.

Deixáronll’ o Antroido na porta co carallo de fora e petaron, e daquela saleu o X:

- *Me cago en Díos, e tu que fas, mangante!, reviroulle unha ostia pensando que era un home, e era o Antroido.*

Saleu o X detrás e eles estaban gardados detrás dunhas chantas. Púxose a mexar cara as chantas e foi cando os descubriron. Tuvieron que dar zapatilla. Se os collían atábanlle o Antroido ao lombo. Naide quería quedar con él”¹¹.

No feito de “ir de máscaras”, atopamos tamén moitos deses elementos que fixeron do Antroido unha festas característica. Ir de máscaras supoñía ir disfrazado polas casas da parroquia ou incluso de parroquias veciñas, superando así os límites destas e establecendo comunicación coas zonas colindantes: *“Levaban un guía e iban tocando unha corneta, que senón non deixabas abrir por que quen sabe quen eran. Viñan os de Bostelo é os d’aquí ibamos ao Rego e ibamos ao Adro. A veces tiñas que esperar un pedazo para que outros bandos se fosen”*. As afirmacións identitarias non pasan tampouco desapercibidas. Os diferentes barrios e lugares da aldea agrupábanse para

¹¹ Veciña de Lanzós

facérlles entroidadas aos “outros”: *“Eran moi divertidas porque nos vestíamos de máscaras todas cubertas e levabamos unha guía responsable delas, e unhas veces conocíase nos e outras non se nos conocía; e uns barrios en contra dos outros haber quen metía máis antroidadas”*¹².

Os disfraces eran do máis diverso, confeccionados con roupas vellas, de tal xeito que a persoa que o levara non fose recoñecida. Asistimos así a todo un elenco de personificacións que daban ao grupo de máscaras un carácter grotesco, ante o que un ben se podía botar a rir ou, pola contra, coller medo: *“Había noites que viñan catro ou cinco bandos delas. E o día do Antroido viñan pola tarde. Eu ás máscaras tiñalles un medo como ó lume. Eu temblaba como unha vara verde cando se achegaban a min. Debe levar tres ou catro anos que nada. Morreu de todo”*. Medos que poden atribuírse a estímulos culturalmente condicionados de cara ao descoñecido e non habitual, nunha nena de curta idade como era daquela esta veciña. Aqueles que, a través do proceso de socialización, coñecen as regras do xogo divírtense co Antroido, sendo conscientes dos seus límites.

Eran e seguen a ser comúns as máscaras vestidas de vellos e vellas, de persoas feas e desagradables, de tolos ou colectivos marxidados socialmente como probes esfarrapados ou xitanos. Tamén era habitual que os homes se vestisen de mulleres ou viceversa invertendo os sexos e os comportamentos de xénero. Neste senso compre destacar que no Antroido a inversión dos comportamentos establecidos era habitual, destacando o exceso en contraposición ao control e a mesura. Nas casas, o comer e o beber- en tempos de escaseza- era unha constante durante o carnaval: *“O Antroido viña e todo o mundo facía as filloas e gardábanse as cacheiras dos cochos para festexar. Daquela sempre se comía a carne que n’había todo o ano. Comíase un pouquiño de mais carne que o resto do ano.*

Trátase dun mundo ao revés no que os comportamentos invértense en relación ao cotiá. E dicir, aqueles feitos propios dos considerados como “malos veciños”, durante o Antroido vólvense comúns tamén dos “bos veciños” sen que isto implique un cambio de consideración social nestes. Tratábase de feitos normalizados e cotiás. Era, como nos dicía esta veciña, o “pan de cada día”: *“Tiñamos un burro e non podías deixalo suelto*

¹² Veciña de Lanzós

nin pacendo porque cho levaban e despois paseábano por toda a aldea con abelorios (...) Atrancaban os carros nos camiños, eso era pan de cada día. Por moito que tornasen del non había maneira, collíanos igual; aquela era a diversión que había ni mas ni menos¹³”. O feito pecaminoso de roubar agora vólvese diversión e permisividade de cara a este tipo de comportamentos. Visto de forma illada podería resultar chocante e mesmo incomprensíbel, máis inserto na dinámica do carnaval ten a súa lóxica. De aí que o que non coñeza os significados latentes desta celebración e acuda a ela como simple espectador, puidera sentirse en moitos casos incomodado.

Volvemos a ver unha vez máis como durante estas datas a rotura das normas sociais vixentes é unha constante, máis non como rebelión contra elas, senón a xeito de demostración didáctica do insostíbel de tales comportamentos¹⁴. Desta inviabilidade é perfectamente consciente a propia comunidade, que aínda que sempre ten presente a especificidade do carnaval, sabe que, en ningún caso, esta festa pode continuar máis tempo do establecido. En todo caso, mesmo se durante a festa acontecen feitos impensábeis durante o resto do ano, estes atópanse perfectamente regulados baixo a existencia duns límites que a comunidade coñece e respecta.

2.- DO ANTROIDO RURAL Á CELEBRACIÓN VILEGA: CONTINUIDADES E TRANSFORMACIÓNS DUNHA TRADICIÓN.

Aínda que, dados os seus múltiples e complexos aspectos, poderíamos seguir falando daquel Antroido aínda presente na memoria das xentes e con aspectos persistentes na actualidade da celebración, compre ter en conta que a festa xa non é o que era. As súas evidentes transformacións insírense nun contexto de continuados cambios económicos, políticos e sociais.

Camiñamos dunha sociedade agraria tradicional a unha nova sociedade postindustrial, onde o tempo adquire valores diferentes en función das maneiras ideadas para enfrontarse a el. Non somos alleos aos procesos de crecemento económico comúns aos países capitalistas, nin a aqueles de concentración urbana, que levan ao crecemento das grandes cidades coa conseguinte caída demográfica que afecta ao mundo rural. Na

¹³ Veciña de Lanzós

¹⁴ GONDAR PORTASANY, M.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1999. p.163-174

actualidade, a sociedade galega contemporánea tende cara unha, cada vez maior, base produtiva terciaria e de servizos. A creación e mellora de infraestruturas – aeroportos, autovías, liñas telefónicas, etc. - facilitaría as comunicacións, facendo accesibles moitos lugares ata o de agora pouco transitados, superando, deste xeito, distancias espaciais e temporais. No marco da globalización capitalista atopámonos con importantes transformacións que marcarían o devir das comunidades rurais.

Pasamos dunha sociedade onde a idea de Deus era entendida como unha forza absoluta e sacra que impregnaba tódolos aspectos da vida social chegando a presentarse incluso como inevitábel e necesaria, a unha sociedade capitalista, onde asistimos a imposición da lóxica do mercado, presentada como a única axustada aos preceptos dunha razón sacralizada, polo tanto tamén indiscutíbel e incuestionábel¹⁵.

O capitalismo globalizado actual ten na lóxica do mercado o referente central. O mercado globalízase e asistimos tamén a continuados intentos de mercantilización da vida social. Co obxectivo de conseguir o máximo beneficio, sen atender a custes nin prexuízos -humanos, ecolóxicos, sociais...- calquera ben, do tipo que sexa, é susceptible de acadar o valor de mercancía para a súa venda no libre mercado. Este feito explica as transformacións experimentadas en moitas manifestacións culturais¹⁶. Baléiranse de significado todos aqueles valores e expresións culturais que non se supediten facilmente a lóxica do mercado. Ao mesmo tempo, asistimos á imposición de modelos de actuación e de pensamento uniformizadores que responden a esta mesma lóxica¹⁷. Son moitos os aspectos da vida social que se mercantilizan e esta lóxica mercantil da que vimos falando adquirirá unha importancia capital no tocante ao contexto actual dos fenómenos festivos.

Por outra banda, a Guerra Civil e posterior ditadura supuxo un impós importante, non só para o Antroido, senón tamén para outras moitas celebracións. Mais, o carnaval viviu especialmente a censura dadas as súas características. A prohibición expresa de moitas manifestacións propias do carnaval non se fixo esperar, mais, a pesar de todo, estas continuaron en moitos casos a celebrarse. O que parece claro é que a festividade tornou

¹⁵ MORENO, I. *La Globalización y Andalucía. Entre el Mercado y la Identidad*. Sevilla: Mergablum, 2002. p. 50

¹⁶ *Ibidem*. p.46

¹⁷ *Ibidem*.

máis intimista. Fronte á prohibición de moitas manifestacións públicas seguíase a celebralo Antroido, mais gañaba protagonismo o ámbito da casa, fronte a aquel comunitario, propio do carnaval, onde o colectivo triunfaba sobre do privado¹⁸. Así nolo contaban unhas veciñas de Lanzós –Vilalba-: *“Durante a guerra non se podía salir. Ibamos á misa e da misa pra casa e non había outras diversións. Nin Antroido, nin máscaras, nin nada. E non había outras diversións. Eu cand’a guerra acordo que xa eramos así grandiñas. Eu era amiga de facer antroidadas. E os que viñamos do colegio eramos os encargados de traelas cartas aos veciños. Un día dixéronme que non podía levar a carta do José do Outeiro porque estaba certificada e tiña que ir él; e esa tamén era unha antroidada porque non era verdá e tubo que ir él e dar a volta. Eu e máis meu irmán Antonio facíamos desas trangalladas que Plácido non valía pra eso.”*

Outra veciña falounos da necesidade de levar un guía coa cara descuberta que respondese polo grupo, xa durante o réxime franquista: *“E se ibas de máscara que non che reconeceran. Nas bandas de máscaras a lei obrigaba a levar un guía coa cara descuberta que respondese polo grupo enteiro, e hoxe aínda se ven os guías, supoño que eran resquicios que quedaban daquela represión”*.

Máis adiante, xa despois da guerra, apareceron os salóns de baile. O Carnaval, aínda que seguía a celebrarse, perdeu a intensidade de antano: *“Despois, mais tarde, as cousas foron cambiando e na nosa parroquia había xa tres salóns: o do Cotelo, o do Barrosa, e o de Moreda, e deixouse un pouco de xogar a estas cousas. Os salóns fixéronse máis ou menos cando eu tiña 20 anos, despois da guerra, cando acabou a guerra. Daquela, cando a guerra, había moito medo e estábamos seguido na casa. Facíamos todas esas diversións porque non había máis nada e ademais estábamos vigilados e non podíamos facer nada. Despois íbamos aos salóns a pe ou na bicicleta porque non había coches.*

Do que non cabe dúbida e que a guerra e a ditadura posterior supuxeron períodos significativos en canto ao esmorecemento desta celebración. Máis o cambio social propiciado pola modernización influiría tamén na transformacións desta festa. Moitos

¹⁸ GONDAR PORTASANY, M.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1999.

elementos propios do carnaval foron perdendo forza e este é un feito que a comunidade explicita no seu discurso. Así nos resumía estas transformacións unha veciña: *“Viñan polas casas de máscaras. Chamaban e non coñecías e ríanse de ti. Podían facerche falcatruadas e cousas así que, como era carnaval!. Tiralo carro fora para facerche unha antroidada e cousas así. Tamén había bailes e gaitas de fol. Eu iba vestida de máscara dende aquí ata a Pereira. A camiñeira tamén viña. Daquela daba gusto pero agora acabouse. Non se nos conecía coa cara tapada. O Evangelino de Pacios morreu na guerra. Durante a guerra non había festas nin Antroido nin nada. Antes o carnaval zumbáballe un pouco, había moita máis unión que hai hoxe. Tomábase con ilusión, agora xa nada”*

Festas que estiveron durante anos intimamente ligadas aos ciclos naturais e tamén á relixión cristián, hoxe cambian de rumbo para facer fronte a novos retos. A progresiva transformación destas festas populares ponse ano tras ano de manifesto. As comparsas vilegas ou as máscaras e os bonecos que tanto divertiron ás anteriores xeracións, hoxe tentan sobrevivir non sen esforzo. Moitos símbolos e expresións culturais pasaron, pouco a pouco, a converterse en simples elementos exóticos e non so para o visitante ocasional, chegando incluso a provocar actitudes de rexeitamento fronte ao que era considerado por algunha xente como “atrasado” ou “obsoleto”. Moitas celebracións do ciclo anual sobreviven a costa de perderen elementos noutrora significativos e gañar na actualidade significados novos. Mais, dun xeito ou doutro, o Antroido segue a festexarse.

As bromas e imposturas seguen a estar presentes no rural, máis illadas e poida que desamparadas nun contexto de falta de arroupo por parte da propia comunidade. E dicir, o propio grupo social, que antano participaba enteiramente do Antroido en calidade de actor, na actualidade atópase nunha situación na que xa non existe esa cohesión social ao redor da festividade. Algúns seguen a participar dela como actores, máis existen outros veciños que xa non o fan. Aínda e todo, na actualidade hai quen continúa a espallar a tradición rememorando as falcatruadas de antano: *“Era un sábado de noite e viñamos de salir. Cando chegamos á pista tiñamos o carro trancado nela e tivemos que vir andando. Debe haber desto catro anos”*.

Así pois, compre ter presente o pouso deixado por unha sociedade agrícola tradicional, da que, a pesares da actual modernización, somos debedores en multitude de aspectos. Neste contexto, enténdense algunhas bromas e actitudes tomadas no carnaval polos veciños da parroquia de Lanzós que, aínda que non sexan feitos habituais, si constitúen acontecementos relevantes no día a día da parroquia, comentados polos os veciños ao logo do ano: *“Alí ós Cortiñas, un ano leváronlle os tractores pra o San Adriano e outro ano cerráronlle a porta con alpacas. Hai catro anos levaron a nosa segadora pra cas Cortiñas, a dos Cortiñas pr’o Julio e a do Julio non me acordo onde. E colgábanche os arados de madeira e as gradas nos carballos; e os carros rodas arriba. Había sitios onde non deixaban paso, trancando os carros nos camiños. Un ano faltaba un cultivador da nosa forxa e atravesárono na pista dalo máis abaixo”*.

Aínda que, na actualidade, estes feitos son vistos como un feito lóxico desta festividade, son entendidos como falcatruadas illadas. E dicir, aínda que contribúan á celebración do Antroido, continuando coa tradición, os veciños réstanlle importancia. Por unha banda, non acadan o grado de ilusión, entusiasmo e implicación comunitaria que tiñan antano e, pola outra, son interpretados pola propia comunidade como feitos illados, asociados a un tempo pasado, que non compiten coa idea de progreso das actuais celebracións acontecidas na vila – Baile do Racing, comparsas, discotecas, etc.-, nin con aqueles magnos eventos dos que se fan eco os medios de comunicación: carnaval de Río de Janeiro, Venecia, ect., ou aqueloutros tan prolíficos na provincia de Ourense.

As parroquias rurais deixaron de celebrar, en parte, moitas destas festas que antano foran tan prolíficas. Algunhas souberon adaptar a festa aos novos tempos. Temos o exemplo da vilalbesa parroquia de Carballido onde o martes de Antroido celébrase un baile de máscaras con orquestra e churrasco, a xeito de verbena. A celebración lévase a cabo no campo da festa, ao carón da casa da escola. Acode moita xente, na súa meirande parte veciños da parroquia, con disfraces e sen eles. Fan un boneco de palla que na actualidade funciona so de referente espacial, colocado na entrada, anunciando e chamando ao disfrute da festa.

O boneco, se ben segue a ser un referente indiscutíbel do Antroido, na actualidade e neste caso en particular, sufriu un proceso de resemantización que levou a que adquirise novos significados en detrimento de moitos daqueles que posuía antano. Hoxe moi

pouca xente vai de máscaras casa por casa como se facía antes, nin corren o Antroido daquela maneira. Este serve de referente estético e espacial dunha festa, máis perdeu a súa función orixinaria. Este modelo festivo, que recolle as habituais verbenas, xunto coas máscaras e o Antroido, para facer un baile e así continuar festexando estas datas, atopámolo noutras moitas parroquias do rural chairego como poden ser Bretoña ou a Pastoriza.

O baile supón un xeito de celebra-lo carnaval organizado polos veciños que nos recorda aos bailes de máscaras, organizados nas vilas, de carácter máis urbano. Do mesmo xeito, lévanos a pensar nas festas patronais e outras advocacións con baile e verbena, mais aquí o venerado é o Antroido. Pasou polo tanto a acusar importantes transformacións semánticas en relación a antano, xuntando elementos do Antroido rural e tamén daqueloutro vilego.

Así mesmo, é de destacar o entusiasmado esforzo co que se recuperou na parroquia de Ansemar o Antroido de Val de Francos, na chaira de Castro de Rei, de longa tradición, que atopamos reflectido nunha interesante publicación que promoveu a Asociación Cultural Val de Francos¹⁹.

Fronte á aquel Antroido promovido dende as institucións e polo tanto controlado desde o poder e ofertado en moitos casos como produto de consumo – de cara ao ocio, turismo, etc.- atopamos en Ansemar unha celebración que, ademais de relembra as vivencias de moitos veciños, desexa contribuír na actualidade á construción comunitaria do Antroido, á permanencia dunha identidade creativa fronte ás correntes homoxeneizadoras globais que o axexan. Trátase dun Antroido nacido da propia comunidade, con fondas raíces na mesma, que agrupou varias parroquias en torno a unha mesma festividade.

E foi así como Goberno, Balmonte e Ansemar, rompendo coas simbólicas barreiras parroquiais, celebran xuntas o Antroido no Campo de Carril. Feito sen dúbida propio desta celebración. Nela levouse a cabo un labor de recuperación que non quedou ancorada na simple restauración da festa, senón que se tentou tamén transmitir esa

¹⁹ *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*, Asociación cultural Val de Francos, 1993

linguaxe simbólica que garda o carnaval, a partir da implicación e participación comunicativa da propia comunidade. Asistimos pois, por unha banda, á continuidade dunha tradición que, a pesar da súa temporal desaparición, descansaba na memoria dos máis vellos. Boa mostra disto témola no especial protagonismo dos predicadores de sermóns como Serafín de Tito de Quintel, que comunicaba este feito da seguinte maneira, no ano 1992: *“Xa que tres pobos se uniron,/ Con unha grande ilusión,/ Nunha tarde de harmonía/ fan esta celebración”*.

Por outra banda e ao mesmo tempo, asistimos á reinvencción, acontecida ano tras ano, desta mesma tradición. Trátase de recupera-la esencia do Antroido rural, mais dende a actualidade destas tres parroquias. O feito de que unha asociación cultural unise tres parroquias, superando as rivalidades existentes antano, en aras da recuperación desta celebración, lévanos a pensar nun novo marco social movido por novas necesidades. O Antroido destas parroquias recuperouse á vez que se readaptou a un novo marco rural, caracterizado por graves problemas de despoboación e profundas transformacións socioeconómicas, da man dos seus propios veciños e da asociación cultural Val de Francos, para facer fronte a estes novos retos.

Na actualidade do ano 2005 puidemos escoitar outros sermoneiros, que adaptándose ás estrofas de catro versos tratan temas de actualidade con especial retransca. Edelmiro Valente, no Antroido do 2004, referíase deste xeito ao problema de despoboación que sofren estas zonas rurais: *“Antes de vos marchar,/ recoméndovos de boa gana:/ que montedes nestes pobos,/ unha barra americana./ Pais tal e como vai a cousa,/ pra conservar a poboación,/ ou se trae xente de fóra/ ou se acaba esta nación.”*

Outras parroquias continúan a darlle a benvida ao carnaval co mantemento de elementos do Antroido tradicional que sobreviven grazas á pouca xente nova que reproduce aqueles comportamentos herdados dos maiores a xeito de nostálxico divertimento. Un veciño oriúndo da parroquia rianxeira de Asados e casado en Lanzós, contábo así:

“O que se facía era levar un muñeco e levalo a unha casa e despois cambiábano dunha pra outra se lle daba tempo. Cousas de xente nova e de tempos nos que non había outro entretenimento. Era un muñeco de palla cuns paus polo medio pra que aguantara e arredor do pau palla e despois poñíaselle o pantalón pra que aguantara. Con roupas

vellas, un pantalón vello e unha camisa vella e na cabeza unha gorra ou unha pañoleta. As veces poñíamolle o carallo de fora coma quen que iba mexando. Cando eu cheguei a Lanzós xa estaba o Antroido decaído e apagado. Era unha cousa forzada, seguíamos facendo catro rapaces novos, para que non morrera e porque eu recordaba en Asados unha cousa parecida. Os rapaces saían a xogar fora pero agora volve a televisión. Cada cousa ten un tempo e as cousas cando desaparecen é por algo, os coches, a televisión... e daquela cando viña o Antroido rompías un pouco a monotonía. Nos petabámoslle á porta e cando salían escapabamos. Tiñanos gracia ver como se atopaban co Antroido. E salían a ver se nos collían, e viñan correndo detrás nosa. E querían saber quen éramos e quen non éramos. Por aquí non se celebraba o Antroido como se fose unha festa, como pasa por aí abaixo por Ourense. Aquí o Antroido era unha maneira de divertirse, de pasa-lo tempo cando non había máis divertimentos, pero non era festa en si, como por exemplo en Laza, Verín e por aí que fan misa con orquestas e todo. Por aquí non era así, era mais unha maneira de divertirse como xogar ás cartas pra pasa-lo tempo. Cando os novos tiveron acceso a outras formas diferentes como a televisión ou as discotecas, deixaron de celebra-lo Antroido da maneira que o facíamos antes.”

Vemos como se tentaba dar continuidade a unha tradición, sendo consciente da súa propia decadencia. Este veciño comenta a dificultade de permanencia da festividade da maneira en que el recordaba sendo neno. Atribúeo aos cambios sociais acontecidos nos últimos tempos, representados no seu discurso por dous obxectos significativos que pasaron a formar parte da vida cotiá de moitos fogares: os coches e a televisión, símbolo o primeiro da modernización tecnolóxica e do consumo, e da globalización e os medios de comunicación de masas o segundo.

Tamén se refire este veciño ás discotecas. Estes locais, situados nas vilas, proliferaron nos anos 70 e 80 do século pasado. Nas de aquí bailábase ao son de música estranxeira. Aínda hoxe, as discotecas, na súa meirande parte reproducen música comercial, inserta nos circuitos do mercado, que presenta unhas características homoxéneas a nivel global e que flutúa segundo o impoñen as correntes ditadas polo mercado para unha sociedade de consumo. Polo tanto, as discotecas, sitas nas vilas, impoñense como alternativa de ocio para os fins de semana, acaparando un amplo abano de público que vai dende o vilego ata a poboación nova das parroquias rurais circundantes.

Neste senso, as discotecas, suplantaron aos bailes e ás salas de festas chegando a influír notablemente no éxito de moitas festas parroquiais. Os veciños máis vellos, entenden tamén por discotecas todos aqueles locais das vilas, aos que a xente nova acude a divertirse. Polo que o termo discoteca contén en si mesmo, para estes veciños, significados que van máis alá do tipo de local en si mesmo. Lévanos a pensar nunha maneira moderna de divertirse propia da xente nova que suplantou un xeito anterior propio dunha sociedade agraria tradicional.

Na actualidade, xa non é preciso agardar as datas concretas da celebración, pois calquera outro día pódese saír de festa do mesmo xeito. Neste senso e seguindo a Federico Cocho²⁰ pódese dicir que vivimos nun estado de festa permanente onde asistimos a “*novas e diversificadas liturxias festivas de raigaña urbanita (partidos de fútbol, concertos, discotecas, mitins políticos, comidas de celebración, etc.)*”

Cando o veciño nos fala da desaparición do Antroido, dada a proliferación das discotecas, de xeito latente remítenos a dous modos de vida característicos de dúas sociedades diferenciadas. O mesmo veciño, cando se refería ao Antroido, dicía que aquilo non era unha festa propiamente, senón “*unha maneira de divertirse, de pasa-lo tempo*”. A maneira de divertirse dunha sociedade agrícola tradicional baseada nos preceptos da relixión cristián, fronte ás discotecas propias da modernidade.

Cando alude ás discotecas refírese á maneira de divertirse dunha sociedade moito máis terciarizada e secularizada que progresivamente foi imponéndose á primeira. O veciño, non está a comparar o Antroido con outra festa, senón con outro xeito de vivir que implica outra forma de divertirse. Así, a importancia que antano tiñan os ciclos naturais para o desenrolo da agricultura, hoxe, dado a modernización tecnolóxica, perderon moita da súa razón de ser²¹. Séguese a manter o Antroido nas vilas como festividade de referencia, máis pouco a pouco perde as significacións de antano, pois xa non forma parte daquel sistema significativo.

²⁰ COCHO DE JUAN, F.: “O Antroido de Xinzo no século XXI” en *Lethes. Cadernos culturais do Limia*. nº3, 2001

²¹ Pese a que as zonas rurais seguen a depender aínda do medio, existen métodos avanzados para non ter que depender dos ciclos naturais como se facía antano.

Ademais, compre ter en conta que outros Entroidos máis afastados son retransmitidos polos medios de comunicación. Neste sentido o noso veciño coñece aqueles que se celebran en Ourense, que diferenza dos da súa zona polo propio carácter da festividade, con orquestras, ao xeito dunha patronal. O saír nos medios de comunicación é para moitos veciños unha sinal de importancia daquelo retransmitido. O feito de “saír na televisión” da valor ao acontecemento. E así o reflicta este veciño, que fala do Antroido de Ourense atribuíndolle unha importancia maior que a daquel máis próximo²².

Mais, este feito tamén puido contribuír á posta en valor da festividade do Antroido. Agora os espazos protagonistas da celebración son as vilas. Por tanto, a festividade abandonou moitas características de antano para lucir tintes máis urbanos, o que non quere dicir que nas parroquias deixen de celebralo. Os veciños destas últimas acoden maioritariamente á vila. Aínda que con significativas transformacións, o Antroido, lonxe de esmorecer, segue a celebrarse e, se cadra, con maior e renovado ímpetu. Seguen sendo moitos os que ano tras ano agardan a súa chegada.

As vilas de máis habitantes e cabeceiras de comarca levan na actualidade o peso das celebracións festivas. Neste senso, a progresiva perda demográfica do rural tivo o seu reflexo na festa. Nas vilas seguen a celebrarse os habituais desfiles de comparsas. En Vilalba, concretamente, ten moita sona entre a xuventude un baile de disfraces ao que tódolos anos acoden multitude de xoves de toda a comarca. Estamos a falar do coñecido como “Baile do Racing”, organizado dende fai anos por esta sociedade deportiva. Nel tradición e modernidade xúntanse da man resultando un baile de máscaras que ben puidera terse celebrado nunha sociedade tradicional, mais nun espazo propio da modernidade actual como o é unha discoteca, cunha escenografía e ambiente musical e característicos.

Deste xeito, celébrase no interior dunha discoteca co tipo de música que se pode escoitar calquera outro fin de semana na mesma. O que a fai especial é que moita xente non toda- acode disfrazada. En moitos casos coa cara destapada e disfraces idénticos. Este feito débese, en moitas ocasións, á adquisición dos disfraces en tendas máis ou menos especializadas, o que implica que calquera poida ir disfrazado sen ter que

²² Esta importancia, aínda que non se reflicta claramente no discurso si vai implícita nel e no xeito de expresalo.

esforzarse en pensar como. Desta maneira dásele todo feito ao potencial consumidor, introducíndonos na festividade do Antroido como pasto do consumo. Mais, fronte a esta falta de creatividade tamén asistimos ao fenómeno contrario, observando as diferentes e, en moitas ocasións, imaxinativas comparsas e disfraces que elixen e interpretan de xeito crítico sucesos ou motivos da actualidade contemporánea de maneira desenfadada e festiva. Son moi recorridas tamén as temáticas referentes a series televisivas de grande audiencia ou aquelas relacionadas con grandes producións cinematográficas como Harry Pother ou El Señor de los Anillos. A aparición destas temáticas no Antroido actual veu dada pola influencia dos medios de comunicación, en especial da televisión e tamén do cine. Neste senso podemos falar con Guiddens²³ dunha “*experiencia mediada*”, debida á xeneralización dos medios de comunicación.

Con todo, a festividade do carnaval vaise introducindo paseniñamente na lóxica do consumo, facilitando a propagación do capitalismo global no ámbito da vida cotiá. Baixo esta lóxica a propia festividade do Antroido convértese nun produto de consumo. Ademais, os excesos característicos destas épocas perderon, en grande parte, a súa razón de ser na actualidade, pois vivimos nunha sociedade onde o que antano eran considerados excesos hoxe atopámoslos normalizados, xa forman parte do cotián, da “sociedade da abundancia”.

O Antroido era un teatro no que todos participaban en calidade de actores. Na actualidade son numerosos os vilalbeses que acoden á vila o martes de carnaval a ver as comparsas máis, a implicación na festa é, en moitos casos, substituída pola simple contemplación. O desfile das comparsas, como sucede noutras vilas, forma parte do concurso que anualmente organiza o concello, feito xeneralizado a nivel da provincia. Deste xeito establécese un xurado encargado de elixir as comparsas gañadoras.

Ante a progresiva desaparición do “vello” Antroido, asistimos na actualidade das vilas chairegas, a un evento institucional controlado dende o poder. Un desfile de comparsas polas principais rúas da vila, previa inscrición das mesmas nas oficinas municipais. As comparsas gañadoras, elixidas por un xurado nomeado pola institución municipal, reciben primas económicas e son habituais as queixas dos asistentes, acusando ao xurado de favoritismos. Todo elo, xunto co crecente consumismo que se incorpora

²³ GUIDDENS, A.: *Modernidad e identidad del yo*. Barcelona: Península, 1995.p. 110

velozmente á nosa sociedade, calando especialmente nestas festividades, fai que poidamos falar da progresiva incorporación destas festas á imperante lóxica do mercado. Antano o poder relixioso, hoxe o político ou económico, utilizaron o Antroido e outras moitas festas, para espalla-los seus intereses. Así, entendemos con M. Gondar²⁴ que baixo a “*aparencia de rebelión contra os dispositivos do poder*”, o Antroido continúa a ser “*unha escola na que se aprende a ser máis submisos*”. Aínda así, subsisten, nalgúns casos, aqueles que tentan aproveitar o potencial creativo que dende sempre gozou o Antroido, mantendo deste xeito unha actitude de insubmisión cara os ditames dos poderes establecidos.

Compre destacar o labor de dinamización e recuperación do espírito do Antroido levado a cabo pola Asociación Cultural Xermolos en Guitiriz, quen organiza anualmente os desfiles de comparsas, cunha festa posterior. O colectivo pretende recupera-lo Antroido na rúa nun intento de non reduci-lo a simples celebracións institucionais. Baixo o lema “*Disfrázate e fai a festa con todos*” invitase á participación, premiándose o traballo, a música, a orixinalidade e o humor, entre outros factores. Ademais, destacan os intentos de imprimir un marcado carácter local á celebración, fronte ás correntes uniformizadoras globais que a espreitan, a través de iniciativas, como as levadas a cabo ata o de agora, de expandir o carnaval ás parroquias, indo polas casas vestidos de choqueiros. Feito, este último, co que se intentaba recuperar expresións do Antroido tradicional hoxe practicamente desaparecidas

Ante a perda de poder da igrexa nesta sociedade secularizada, xa case ninguén practica pola Coresma aquelas abstinencias de antano. Desta maneira, o Antroido perde tamén aquela razón de ser. Este séguese a celebrar na Chaira aínda que as formas, funcións e significacións tamén varían. Neste novo contexto, mudan os actores sociais e agora pasarán a ter relevancia na festividade novos colectivos, xurdidos deste novo marco social. Estámonos referir ás asociacións de veciños, culturais, etc. Así mesmo, asistimos a un maior protagonismo do concello e das institucións, como organismos promotores de actividades culturais entre as que se atopan estas e outras festas.

²⁴ GONDAR PORTASANY, M.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1999. p. 173

A dialéctica entre os intentos homoxeneizadores globais e as reivindicacións identitarias locais, está presente no carnaval. Os diferentes actores sociais fanse eco da mesma. Nalgúns casos promoven e implicanse conscientemente na realización de actividades nas que se tenta incentivar a creatividade fronte ás correntes uniformizadoras globais. Noutros, contribúen á propagación do Antroido como unha festividade máis, integrada na lóxica do consumo.

Do que non cabe dúbida é do rexurdimento que parece ter experimentado o carnaval vilego na chaira nestas dúas últimas décadas. O Antroido segue a ser un acontecemento que ano tras ano continúa a reinventarse. Atopamos nestas festividadeas elementos e significacións novas, xunto con outras que supoñen unha continuidade da tradición. As novas dinámicas globais teñen a súa influencia a nivel local. Os medios de comunicación de masas xogan un importante papel no tocante á divulgación destas últimas. Na actualidade, calquera veciño pode ver na televisión os cálidos carnavais de Rio, no Brasil, ou aqueles invernaís de Venecia²⁵, máis de seguro que descoñecen moitas celebracións máis pequenas pero máis próximas, que acontecen no marco da Terra Chá. Polo que, aínda que algunhas particularidades dos Antroidos locais permanezan, facendo fronte a esas fortes correntes homoxeneizadoras globais das que vimos falando, asistimos a unha dialéctica entre o local e o global, que caracteriza as dinámicas festivas na actualidade.

BIBLIOGRAFÍA

BAUDRILLARD, J.: *La Société de consommation*. Paris. Denoël. 2004.

BAUMAN, Z.: *Comunidad. En busca de seguridad en un mundo hostil*. Madrid: Siglo XXI, 2003

BOUZADA, X.: “*O desenvolvemento comunitario local: un reto da sociedade civil. Elementos teóricos e metodolóxicos*”, Vigo: Galaxia, 1999

CASTELLS, M.: *La era de la información. El poder de la identidad*. Madrid: Alianza, 2003

COCHO DE JUAN, F.: *O carnaval en Galicia*. Madrid: Xerais, 1992

²⁵ En relación a este feito e ás súas consecuencias no referente á adopción de diferentes actitudes e comportamentos relativos ao carnaval, poderíamos falar do que Guiddens coñece como “experiencia mediada”. Así pois, “*os medios ofrecen acceso a situacións coas que o individuo podería non entrar nunca en contacto persoal, mais ao mesmo tempo supéranse certas fronteiras entre ámbitos que anteriormente estaban separados*” GUIDDENS, A.: *Modernidad e identidad del yo*. Barcelona: Península, 1995.p. 110

- COCHO DE JUAN, F.: “O Antroido de Xinzo no século XXI” en *Lethes. Cadernos culturais do Limia*. nº3, 2001
- El Entroido en Galicia. Exposición Casa de Galicia en Madrid*. Museo do Pobo Galego, 1995
- DASAIRAS, X.: *O Entroido en Terras de Monterrei*. Ed.do Cumio, 1990
- DIAZ G. VIANA, L.: *El regreso de los lobos. La respuesta de las culturas populares a la era dela globalización*. Madrid: CSIC, 2003
- DIAZ, M.M.: *Do Entroido ao Nadal. Romerías, ferias y fiestas patronales en Galicia*. Ea editorial, 2006
- FERRAS SEXTO, C.: “Cambio social e territorial en Galicia. De país rural a cidade xardín?” en *Semata* nº 9, USC. p. 55-78
- FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A. “Identidade e festa popular”, en *O Feito diferencial galego na Antropoloxía*, Vol.II, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1998 (Coord. Marcial Gondar Portasany), p. 51-79.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, A.: *La gran pulpada gallega*, Barcelona: Ronsel, 1999
- FLORES ARROYUELO, F. J.: *Fiestas de ayer y de hoy en España*. Alianza, 2001
- FRAGUAS FRAGUAS, A.: *A Festa popular en Galicia*. Ed.do Castro, 1996
- FROMM, E.: *El miedo a la libertad*, Barcelona: Paidós, 2003
- GARCÍA PORRAL, X.C.: “A feira do cocido: celebración da identidade ou feira mediática postmoderna? Cara unha definición da política de identidade” en *A Trabe de Ouro*, nº 54, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000
- GONZALEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997
- GONZALEZ REBOREDO, X.M.: “Cuestiones de fiestas del ciclo anual. Relación entre fiesta y sociedad” en *Antropología cultural gallega*, Santiago de Compostela: fundación Alfredo Brañas, 1988
- Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*, Asociación cultural Val de Francos, 1993
- GONDAR PORTASANY, M.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1999.
- GUIDDENS, A.: *Modernidad e identidade del yo*. Barcelona: Península, 1995
- GUIDDENS, A.: *Consecuencias de la modernidad*, Madrid: Alianza, 1994
- HERRERO PÉREZ, N.: “Fiestas de ayer y fiestas de hoy. Elementos para el estudio de las fiestas de verano en el marco de un ayuntamiento gallego” en *Actas do III Congreso*

- da Antropología e Antropología Aplicada*, Santiago de Compostela: CSIC, 1997, p. 361-381
- HOBBSAWM, E., RANGER, T.: *La invención de la tradición*. Barcelona: Crítica, 2002
- LÓPEZ, GOMEZ, F. S.: *Festas parroquiais*. A Coruña: Bahía, 1996
- LÓPEZ, GOMEZ, F. S.: "Papá Noel, Reis Magos, aguinaldos e regalos", en *La Opinión de A Coruña*, 18-01-06
- MARIÑO FERRO, X .R.: *O Entroido ou os praceres da carne*. A Coruña: Edicións do Castro, 2003
- MORENO, I.: *La Globalización y Andalucía. Entre el Mercado y la Identidad*. Sevilla: Mergablum, 2002.
- ROCA, M.: "Que opina das festas de oficios tradicionais" en *El Progreso*, 16-8-2005
- VEIGA DE OLIVEIRA, E.: *Festividades cíclicas en Portugal*, Lisboa: Dom Quixote, 1995
- VELASCO, H. M.: *Tiempo de fiesta*. Alatar, 1982
- Xermolos*, nº 48, Guititiriz, Agosto, 2004